



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

CÓDIGO DA SERIE: 738

DENOMINACIÓN: Expedientes de axudas para actividades de promoción comercial e celebración de certames feirais de carácter comercial.

Función: Comercio e Consumo. Comercio. Fomento

ÓRGANO PRODUTOR:

Consellería de Industria, Enerxía e Comercio. Dirección Xeral do Comercio.
Subdirección Xeral de Ordenación do Comercio
(09-09-1983/15-09-1983).

Consellería de Economía, Facenda e Comercio. Dirección Xeral de Comercio.
Servizo de Ordenación do Comercio
(19-10-1983/04-04-1984).

Consellería de Industria, Enerxía e Comercio. Dirección Xeral de Comercio.
Servizo de Ordenación do Comercio
(15-04-1984/19-04-1985).

Consellería de Industria, Enerxía e Comercio. Dirección Xeral de Comercio.
Subdirección Xeral de Comercio. Servizo de Promoción Comercial
(20-04-1985/02-03-1986).



Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Consellería de Traballo, Industria e Turismo. Dirección Xeral de Industria, Comercio e Consumo. Subdirección Xeral de Comercio. Servizo de Promoción Comercial

(03-03-1986/28-01-1987).

Consellería de Traballo, Industria e Turismo. Dirección Xeral de Industria e Comercio. Subdirección Xeral de Comercio. Servizo de Promoción e Ordenación (29-01-1987/29-09-1987).

Consellería de Industria, Comercio e Turismo. Dirección Xeral de Comercio. Subdirección Xeral de Xestión do Comercio. Servizo de Promoción e Ordenación (16-10-1987/05-02-1990).

Consellería de Industria e Comercio. Dirección Xeral de Comercio e Consumo. Subdirección Xeral de Comercio. Servizo de Promoción e Ordenación Interna (22-03-1990 /10-12-1997).

DATAS EXTREMAS:

1982/1993.

CARACTERES EXTERNOS:

CLASE: textual, iconográfica (fotografías, folletos).

SOPORTE: papel.

FORMATO: expediente.

FORMA: orixinal.

VOLUME: 115 unidades de instalación; 16.43 m.l. (Arquivo de Galicia. Tambre).



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

DEFINICIÓN DO CONTIDO:

Expedientes tramitados para subvencionar a mellora da promoción e a comercialización dos produtos galegos a través de actividades de promoción comercial, certames feirais e outras exposicións industriais e comerciais.

Poderán ser beneficiarios destas axudas: empresas comerciais, públicas ou privadas, organismos, cooperativas, asociacións e persoas físicas e xurídicas que teñan como finalidade a promoción e comercialización de produtos galegos; os expositores para a súa participación nos certames feirais e os propios comités organizadores dos certames e exposicións, así como a propia Xunta de Galicia para o desenvolvemento da promoción comercial ou cando acuda a algunha feira, ben de forma institucional ou como aglutinadora de sectores comerciais galegos.

LEXISLACIÓN:

Autonómica

Decreto 75/1982, do 31 de marzo, polo que se aproba o regulamento provisional de certames feirais de Galicia (DOG núm. 7, do 4 de maio de 1982).

Decreto 296/1985, do 14 de novembro, de regulación dos certames feirais (DOG núm. 20, do 29 xaneiro).

ORDES DE SUBVENCIÓN

Orde do 4 do decembro de 1984 sobre regulación do procedemento e condicións para conceder axudas con destino á promoción comercial galega (DOG núm. 238, do 13 de decembro de 1984).



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Orde do 17 de xaneiro de 1985 sobre regulación de procedemento e condicións para conceder axudas con destino a promoción comercial galega, certames feirais e presenza neles (DOG núm. 73, do 17 de abril de 1985).

Orde do 30 de xaneiro de 1986, pola que se prorroga a vixencia de distintas ordes da Consellería de Industria, Enerxía e Comercio (DOG núm. 23, do 1 de febreiro de 1986).

Orde do 26 de febreiro de 1987 sobre a regulación do procedemento e condicións para conceder axudas con destino á promoción comercial galega, certames feirais e presenza neles (DOG núm. 46, do 9 de marzo de 1987. Corrección de erros. DOG núm. 144, do 30 de xullo de 1987).

Orde do 3 de decembro de 1987 pola que se aclara o artigo 4.2 da orde do 26-2-1987, sobre a regulación do procedemento e condicións para conceder axudas con destino á promoción comercial galega, certames feirais e presenza neles (DOG núm. 239, do 14 de decembro de 1987).

Orde do 30 de marzo de 1988 sobre regulación do procedemento e condicións para axudas a actividades de promoción comercial e certames feirais de carácter comercial (DOG núm. 55, do 21 de marzo de 1988).

Orde do 5 de xaneiro de 1989 sobre regulación do procedemento e condicións para conceder axudas a actividades de promoción comercial e certames feirais de carácter comercial (DOG núm. 12, do 18 de xaneiro de 1989).

Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Orde do 30 de maio de 1990 pola que se regula a concesión de subvencións para actividades de promoción comercial e certames feirais de carácter comercial (DOG núm. 109, do 6 de xuño de 1990).

Orde do 11 de marzo de 1991 pola que se regula a concesión de subvencións para actividades de promoción comercial (DOG núm. 59, do 26 de marzo de 1991).

Orde do 9 de xaneiro de 1992 sobre axudas para actividades de promoción comercial (DOG núm. 19, do 29 de xaneiro de 1992. Corrección de erros. DOG núm. 41, do 28 de febreiro de 1992).

Orde do 26 de febreiro de 1993 pola que se regula a concesión de axudas para actividades de promoción comercial (DOG núm. 49, do 12 de marzo de 1993).

PROCEDEMENTO:

Aplicacións Orzamentarias:

1984: 08.03.781

1987: 521-A.440.0/440.1/470.0/470.1/480.0/480.1/780.1/780.3

1988: 08.03.521-A.442/08.03.521-A.472/08.03.521-A.482/08.03.521-A.782

1989: 521-A.442/461/482/772/782

1990: 521-A.441/460/481/771/781/784

1991: 521-A.440/521-A.481/08.03.521-A.770/08.03.521-A.780

Trámites:

- 1- Publicación da convocatoria da subvención no Diario Oficial de Galicia.



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- 2- Presentación das solicitudes nos servizos centrais e delegacións provinciais ou por calquera dos medios recollidos nas leis de procedemento administrativo.
- 3- Valoración de solicitudes polos servizos técnicos da Dirección Xeral.
- 4- Redacción da proposta de resolución da Dirección Xeral.
- 5- Ditado da resolución definitiva do Conselleiro.
- 6- Comunicación da resolución aos solicitantes.
- 7- Aceptación ou renuncia á subvención.
- 8- Xustificación das actividades realizadas.
- 9- Liquidación e pagamento das axudas.

Esta serie inclúe tamén convenios (anos 1992 e 1993), que deberán recoller, como mínimo:

- Definición do obxecto das subvencións, con indicación do carácter singular das mesmas e as razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario e aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública.
- Réxime xurídico aplicable.
- Beneficiarios e modalidades de axuda.
- Réxime de xustificación da aplicación dada ás subvencións polos beneficiarios e, de ser o caso, entidades colaboradoras.
- A concesión de subvencións por importe superior a 150.000 euros, ou o que determinen as leis anuais de orzamentos, requiriran a autorización previa do Consello da Xunta de Galicia



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

DOCUMENTOS QUE FORMAN A UNIDADE DOCUMENTAL:

- 1- Orde de convocatoria de axudas debidamente informada, dirixidas ao director/a xeral.
- 2- Solicitude acompañada , entre outros documentos:
 - No caso de entes públicos ou asociacións: escritura de constitución, estatutos e inscrición rexistral, se é o caso; datos persoais dos representantes e apoderamento dos mesmos, así como a tarxeta de identificación fiscal.
 - No caso de empresas privadas ou agrupacións de empresas: escritura de constitución, dado o caso, e copia dos estatutos. Para agrupacións, acta de constitución e acta de designación de representante; tarxeta de identificación fiscal e DNI dos representantes e apoderamento dos mesmos.
Nos dous casos anteriores deberán achegar tamén: memoria das actividades que se van desenvolver e orzamentos detallados da mesma; indicación expresa doutras axudas para o mesmo fin e plan de financiamento da actividade.
 - No caso de entidades organizadoras de certames feirais: nome da feira, lugar, datas de celebración, etc; datos identificativos da entidade organizadora; do seu representante legal; memoria da última edición da feira e copia dos estatutos, se é o caso; orzamento detallado da feira; cando a subvención se destine a obras de infraestrutura, equipamento e medios de xestión, deberá xuntarse tamén o proxecto de obra orzamento ou factura dos equipamentos ou medios, xuntando unha memoria explicativa dos fins perseguidos e indicación expresa doutras axudas para o mesmo fin e plan de financiamento da actividade.



Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- 3- Proposta de resolución dos servizos técnicos da Dirección Xeral.
- 4- Resolución definitiva do conselleiro.
- 5- Notificación aos interesados ou publicación da resolución.
- 6- Comunicación de aceptación ou renuncia dos solicitantes.
- 7- Documentación xustificativa do gasto obxecto de subvención ou axuda.
- 8- Documentación do pagamento da axuda (memoria, documentos contables etcétera).

ORDENACIÓN:

Cronolóxico-numérica.

INSTRUMENTOS DE DESCRICIÓN/CONTROL:

Bases de datos do Arquivo de Galicia: IN03(76-00)94-04.mdb

ÁREA DE VALORACIÓN

VALOR ADMINISTRATIVO:

Tendo en conta o prazo de catro anos establecido polo art. 39 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de de subvencións para que a Administración recoñeza ou liquide o reintegro, establécese un período de 5 anos de vixencia do valor administrativo, a partir da data de finalización do procedemento.

VALOR LEGAL-XURÍDICO:

Si, deixa constancia da axuda económica recibida e das obrigas e dereitos adquiridos coa súa concesión e a súa vixencia é a mesma ca do valor administrativo.



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

VALOR INFORMATIVO-HISTÓRICO:

Si, os expedientes testemuñan os apoios económicos prestados pola administración autonómica para o fomento e a dinamización comercial en Galicia, no período en que estas axudas foron concedidas.

SERIES RELACIONADAS:

SERIES PRECEDENTES:

SERIES PARALELAS:

SERIES SUBORDINADAS:

SERIES DUPLICADAS:

SERIES DESCENDENTES

732. Expedientes de axudas a entidades sen fins de lucro para actividades de promoción comercial.

733. Expedientes de axudas ás Corporacións Locais para actividades de promoción comercial, produtos galegos e certames feirais.

734. Expedientes de axudas a empresas privadas para actividades de promoción comercial, produtos galegos e certames feirais.

DOCUMENTOS COMPILADORES:

Rexistro público de axudas, subvenciones e convenios.



Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

ESTIMACIÓN DA FRECUENCIA DE CONSULTA:

PRAZO DE TRANSFERENCIA:

Ao Arquivo Central ao ano de finalizar o trámite administrativo.

Ao Arquivo Intermedio / Histórico aos cinco anos do seu ingreso.

RÉXIME DE ACCESO:

Libre, con carácter restrinxido aos datos persoais conforme á Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (art.º 37), a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (art. 11) e ao Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro que aproba o Regulamento que a desenvolve (art. 27).

A liberalización da súa consulta prodúcese aos 50 anos da data do documento, de acordo coa Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español (art. 57).

ÁREA DE SELECCIÓN

Referencias ao ditaminado por outras comisións de avaliación: non se localizaron.

Proposta:

Tendo en conta os valores citados anteriormente e debido ao escaso volume de documentación conservada, propónse unha conservación total.

Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

ÁREA DE NOTAS

- IDENTIFICACIÓN. Datas extremas: no Arquivo de Galicia. Tambre, encontramos tamén documentación do ano 1981, en concreto 2 caixas (021785-0000 e 021786-0000) con documentos da participación da Xunta de Galicia na INTER-EXPO-81 (CANARIAS), que pertence á etapa preautonómica.
- IDENTIFICACIÓN. Volume: pendente da revisión final das bases de datos.
- VALORACIÓN. Series relacionadas: podemos citar como serie precedente: Expedientes de axudas da Xunta de Galicia para a organización de certames feirais (1981), pero esta serie non aparece na base de datos xa que pertencería á etapa preautonómica.

Expediente tipo: 010471-0001: Asociación de Produtores de Rodaballo Gallego; La Onza de Oro S.A.

ÁREA DE CONTROL

Data de elaboración: marzo de 2012.

Revisión: xaneiro 2013.